



Concello de Cospeito

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN E VALORACIÓN DE MÉRITOS : AXENTE DE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA O CONCELLO DE COSPEITO.

Expediente núm.: 656/2016

Cospeito, 15 de setembro de 2016.

Reunidos na Sala de Plenos da Casa Consistorial, ás 10:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas selectivas dos aspirantes a prover praza de **AXENTE DE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA O CONCELLO DE COSPEITO**, segundo as bases publicadas mediante anuncio no BOP núm. 185 de 12 de agosto de 2016 e na paxina web do Concello (<http://www.concellodecospeito.es>), que son:

Presidenta: D.^a María Yebra –Pimentel López, Interventora Xeral do Concello de Cospeito

Secretario: D. Miguel Piñeiro Souto, Secretario Xeral do Concello de Cospeito

Vocais(3):

- D. José López González, Secretario do Concello de Paradela
- D.^a Luz M^a Villa Álvarez, Interventora Xeral do Concello de Vilalba
- D.^a Ana María Rubiera Álvarez, Secretaria Xeral do Concello de Vilalba

De seguido declárase constituído o Tribunal cualificador de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria das que os distintos membros son coñecedores. O Tribunal enténdese validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario.

Posteriormente segundo o sentido das Bases procédese á valoración dos méritos:

6.1.—FASE DE CONCURSO (máximo 15,50 puntos). Baremo de méritos alegados: os aspirantes

deberán presentar orixinal ou copia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados, segundo se establece no seguinte baremo:

A. CONCURSO DE MÉRITOS.

Valoraranse os méritos alegados e xustificados documentalmente, ata un máximo de 15,50 puntos. O baremo do concurso quedará establecido como segue:

A.1. Titulación: máx 1 punto

Licenciaturas, Diplomatura ou grado, en Dereito, Economía, Administración e Dirección de Empresas, Ciencias do Traballo, Ciencias Empresarias, Relacións Laborais e Recursos Humanos ou Graduado/a Social. Por cada titulación das mencionadas 0,50 puntos, ata un máximo de 1 punto.

En ningún caso valorarase neste apartado a titulación esixida como requisito de acceso.

A.2. Experiencia laboral: max 9 puntos

1. Experiencia, nos últimos 5 anos, como axente de emprego e/ou técnico/a de emprego, na Administración Pública Local: 0,15 puntos por mes.

2. Experiencia, nos últimos 5 anos, como técnico/a de administración xeral(A1/A2) na Administración Pública Local: 0,10 puntos por mes.

Para acreditar os servizos prestados é imprescindible a presentación da vida laboral, contratos de traballo ou certificados expedidos pola Administración Pública ou sector privado, na que quede totalmente acreditada a prestación dos servizos. A ausencia total ou parcial de documentación acreditativa dos méritos dará lugar a que o tribunal non valore os mesmos. Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de forma proporcional ós prestados a



Concello de Cospeito



Concello de Cospeito

xornada completa. No caso de que a redución de xornada se produza debido os supostos de conciliación de vida familiar e laboral recollidos na Lei de Función Pública de Galicia e no Estatuto dos traballadores o tempo traballado a tempo parcial computarase como se fose a xornada completa, a documentación xustificativa desta circunstancia deberá presentarse no momento de presentar a instancia.

En todo caso, para terse en conta, dos citados documentos deberá desprenderse a categoría do posto e as funcións e tarefas realizadas.

O total de puntos alcanzados no apartado A.2. Experiencia laboral, non poderá superar os 9 puntos.

A.3. Cursos de formación extra-académicos:

1. Cursos de formación directamente relacionados coas funcións a desenvolver nas prazas convocadas, e nos que se expedirá diploma, certificación de asistencia ou de aproveitamento, expedidos ou homologados por Administracións Públicas: ata un máximo de 5 puntos, segundo o seguinte baremo:

- Cursos de 300 a 500 horas: 1 punto.

- Cursos de 500 horas ou máis: 3 puntos.

2. Coñecemento da lingua galega. Máximo 0,50 puntos.

- Título de linguaxe administrativo superior: 0,50 puntos

- Título de linguaxe administrativo medio: 0,40 puntos

- Título de perfeccionamento, a súa convalidación ou o Celga 4: 0,30 puntos

- Título de iniciación, a súa convalidación ou Celga 2: 0,20 puntos

En caso de estar en posesión de distintas titulaciones, valorarase unicamente o nivel máis alto de formación.

O tribunal non baremará a documentación presentada polo/a aspirante

Que non reúna os requisitos citados nas presentes bases.

De acordo a cláusula Cuarta. 4 procédese a resolver as seguintes dúbidas:

- a) De acordo a base 6.1.A.1, solo valorarase neste apartado a titulación esixida como requisito de acceso, por tanto, teranse en conta a partir da segunda e sucesivas titulacións previstas nas Bases.

- b) De acordo a base 6.1.A.3 valorarase unicamente a formación directamente relacionados coas funcións a desenvolver e, dentro de estas, o curso co nivel máis alto de formación no suposto de existir varios cursos sobre a mesma materia.

Procédese á valoración dos méritos achegados co seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	A.1) Formación académica. Cualificación máxima 1 puntos (*)	A.2) Experiencia laboral. Cualificación máxima 9 puntos (**)	A.3.1) Cursos de formación extra-académicos. Cualificación máxima 5 puntos (***)	A.3.2) Coñecemento lingua galega. Cualificación máxima 0,50	TOTAL CONCURSO (máximo 15,50 puntos)
LÓPEZ SANJURJO, YAIZA	0,00	0,00	3	0,30	3,30
COCIÑA CABANAS, MARÍA DOLORES	0,00	5,40	5	0,30	10,70
RODRÍGUEZ GASALLA, FRANCISCO	0,00	7,80	3	0,40	11,20
BLANCO PUENTE, MARTA	0,00	0,00	3	0,30	3,30
MASEDA FRANCO, INÉS	0,50	0,00	1	0,30	1,80
LÓPEZ LÓPEZ, TEODORA	0,00	2,40	3	0,50	5,90
LÓPEZ SÚAREZ, ANA MARÍA	0,00	0,00	4	0,30	4,30
ANIDO TEJEIRO, ANA ISABEL	0,00	0,00	0,00	0,30	0,30
ANIDO DOMÍNGUEZ, RUBÉN	0,00	5,40	5	0,30	10,70
CASTAÑAL FERNÁNDEZ, ANA	0,50	0,00	5	0,50	6


Concello de Cospeito




Concello de Cospeito

LODOS GARCÍA, JOSÉ FERNANDO	0,50	0,00	1	0,30	1,80
GARCÍA FERNÁNDEZ, CLARA	0,50	0,00	5	0,30	5,80
NÚÑEZ POL, JOSÉ MANUEL	0,50	4,05	2	0,50	7,05
SAN IDELFONSO LADRERO, JUAN IGNACIO	0,00	4,40	1	0,30	5,70
CARRODEAGUAS RODRÍGUEZ, IVÓN	0,00	0,00	0,00	0,40	0,40
FARIÑA GARCÍA, SABELA	0,50	0,00	4	0,30	4,80

E non sendo outro o obxecto da presente, dáse por rematado o acto sendo as 12:30 horas, asinando os señores membros do Tribunal, no lugar e datas sinalados.


Dª María Yebra –Pimentel López


D. José López González


Dª Luz Mª Villa Álvarez


Dª Ana María Rubiera Álvarez


D. Miguel Piñeiro Souto



Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102

